

CONVÉNIO PARA A SUPRESIÓN DO TRÁFICO DE PERSOAS E A EXPLOTACIÓN DA PROSTITUICIÓN DE OUTRAS PERSOAS



Observatório dos Direitos e Liberdades

www.esculca.net

Adoptado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 317 (IV) de 2 de Decembro de 1949. Entrada en Vigor: 25 de Xullo de 1951, en conformidade con o Artigo 24.

PREÁMBULO

Considerando que a prostitución e o mal que a acompaña, o tráfico de persoas para fins de prostitución, son incompatíbeis con a dignidade e con o valor da persoa humana e poñen en perigo o benestar do individuo, a familia e a comunidade,

Considerando que, no que à supresión do tráfico de mulleres e nenos di respeito, están en vigor os seguintes instrumentos internacionais:

- 1) Acordo Internacional de 18 de Maio de 1904 para a supresión do tráfico de mulleres brancas, modificado polo Protocolo aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 3 de Decembro de 1948 ,
- 2) Convénio Internacional de 4 de Maio de 1910 para o tráfico de mulleres brancas, modificado polo citado Protocolo,
- 3) Convénio Internacional do 30 de Setembro de 1921 para a supresión do tráfico de mulleres e nenos, modificado polo Protocolo aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de Outubro de 1947,
- 4) Convénio Internacional de 11 de Outubro de 1933 para a supresión do tráfico de mulleres maiores de idade, modificado polo citado Protocolo,

Considerando que a Sociedade de Nacións redactou en 1937 un proxecto de Convénio para alargar o alcance destes instrumentos, e

Considerando que a evolución da situación desde 1937 torna posíbel o establecemento dun Convénio que incorpore estes instrumentos e recolla o fondo do proxecto de Convénio de 1937, así como as modificacións que se estimen necesarias,

As partes contratantes

Acordan polo presente no que a continuación se establece:

ARTIGO 1

As Partes no presente Convénio comprometen-se a castigar calquer persoa que, para satisfacer as paixóns de outra:

- 1) Concertar a prostitución de outra persoa, aínda que sexa con o seu consentimento;
- 2) Explotar a prostitución de outras persoas, aínda que sexa con o seu consentimento.

ARTIGO 2

As Partes no presente Convénio comprometen-se así mesmo a castigar calquer persoa que:

- 1) Mantiver ou administrar unha casa de prostitución, ou, con coñecimento de causa, a financiar ou participar no seu financiamento;
- 2) Der ou tomar en aluguer, con coñecimento de causa, un edificio ou outro local, ou calquer parte dos mesmos, para explotar a prostitución de outra persoa.

ARTIGO 3

Na medida en que o permitiren as leis nacionais serán tamén castigada toda tentativa de cometer as infraccións mencionadas nos Artigos 1 e 2 e todo acto preparatorio da súa comisión.

ARTIGO 4

Na medida en que o permitiren as leis nacionais, será tamén punível a participación intencional en calquer un dos actos delituosos mencionados nos Artigos 1 e 2.

Na medida en que o permitiren as leis nacionais, os actos de participación serán considerados como infraccións diferentes en todos os casos en que isto for preciso para evitar a impunidade.

ARTIGO 5

Cando as persoas prejudicadas tiveren dereito, de acordo con as leis nacionais, a se constituiren en parte civil en relación a calquer unha das infraccións mencionadas no presente Convénio, as persoas estranxeiras terán os mesmos dereitos en condicións de igualdade con as nacionais.

ARTIGO 6

As Partes presentes no Convénio acordan en adoptar todas as medidas necesarias para derogar ou abolir calquer lei, regulamento ou disposición administrativa vixente en virtude de cal as persoas dedicadas à prostitución ou aquelas de quen se sospeitar que se dediquen a ela, teñan de se inscrever nun rexistro especial, posuir un documento especial ou cumprir algun requisito excepcional para fins de vixilancia ou notificación.

ARTIGO 7

Na medida en que o permitan as leis nacionais, as condenas anteriores pronunciadas en Estados Estranxeiros polas infraccións mencionadas no presente Convénio, terán-se en conta para:

- 1) Determinar a reincidencia;
- 2) Inabilitar a persoa infractora para o exercicio dos seus dereitos civís ou políticos.

ARTIGO 8

As infraccións mencionadas nos artigos 1 e 2 do presente Convénio serán consideradas como casos de extradición nos Tratados de extradición xa

concertados ou que posteriormente se concertaren entre calquer unha das Partes do Convénio.

As Partes do Convénio que non subordinen a extradición à existencia dun Tratado, deberán reconecer en adiante as infraccións mencionadas nos Artigos 1 e 2 do presente Convénio como casos de extradición entre elas.

A extradición será concedida en conformidade con as leis do Estado ao cal se tiver formulado a petición de extradición.

ARTIGO 9

Nos Estados que teñan unha lexislación que non admita a extradición de nacionais, os nacionais que tiveren regresado ao seu país despois de comezaren no estranxeiro calquer unha das infraccións mencionadas nos Artigos 1 e 2 do presente Convénio, serán xulgados e castigados polos tribunais do propio Estado.

Non se aplicará esta disposición cando, en casos análogos entre as partes no presente Convénio, non puder ser concedida a extradición dun estranxeiro.

ARTIGO 10

As disposicións do Artigo 9 non se aplicarán cando a persoa inculpada for xulgada nun Estado estranxeiro e, caso de ter sido condenada, tiver cumprido a condena ou esta lle tiver sido perdoada ou reducida de acordo con o disposto nas leis dese Estado estranxeiro.

ARTIGO 11

Nengunha disposición do presente Convénio deberá ser interpretada no sentido de prexulgar a atitude de calquer unha das Partes a respecto da cuestión xeral dos límites da xurisdición penal en dereito internacional.

ARTIGO 12

O presente Convénio non afecta ao principio de que as infraccións a que se refere haberán de ser definidas, xulgadas e castigadas en cada Estado conforme às súas propias leis.

ARTIGO 13

As Partes no presente Convénio estarán obrigadas a executar as comisións rogatorias relativas às infraccións mencionadas neste Convénio, conforme às súas propias leis e prácticas.

A transmisión de comisións rogatorias efectuará-se:

- 1) Por comunicación directa entre as autoridades xudiciais;
- 2) Por comunicación directa entre ministros de Xustiza dos dous Estados ou por comunicación directa de outra autoridade competente do Estado que formular a solicitude ao Ministro de Xustiza do Estado ao que foi formulada a solicitude;
- 3) Por conducto do representante diplomático ou consular do Estado que formular a solicitude, acreditado no Estado ao que esta foi formulada. Tal representante enviará as comisións rogatorias directamente à autoridade xudicial competente ou à autoridade indicada polo goberno do Estado a que tiver sido formulada a solicitude, e deberá recibir, directamente de tal autoridade, os documentos que constituíren a execución das comisións rogatorias.

Nos casos 1 e 3, enviará-se sempre unha cópia da comisión rogatoria à autoridade superior do Estado ao que tiver sido formulada a solicitude.

Salvo acordo en contrario, as comisións rogatorias serán redactadas no idioma da autoridade que formule a solicitude, mais o Estado a que esta solicitude for formulada poderá pedir unha tradución ao seu propio idioma, certificada conforme ao orixinal pola autoridade que a formule.

Cada unha das Partes do Presente Convénio notificará a cada unha das outras Partes cal ou cais destes medios de transmisión reconecerá para as comisións rogatorias desa Parte.

Encanto non se fixer esta notificación, continuarán en vigor os respectivos procedimentos que os diferentes estados utilizan normalmente en materia de comisións rogatorias.

A execución das comisións rogatorias non dará lugar a reclamación de reembolso por dereitos ou gastos de nengunha clase, salvo gastos de peritaxe.

Nada do disposto no presente Artigo deberá interpretar-se no sentido de comprometer as Partes no presente Convénio a adoptar en materia penal calquer forma ou método de prova que for incompatible con as súas leis nacionais.

ARTIGO 14

Cada unha das Partes no presente Convénio establecerá ou manterá un servizo encargado de coordinar e centralizar os resultados das investigacións sobre as infraccións a que se refere o presente Convénio.

Tais servizos terán ao seu cargo a compilación de toda a información que poda facilitar a prevención e o castigo das infraccións a que se refere o presente Convénio e deberán manter estreitas relacións con os servizos correspondentes dos outros Estados.

ARTIGO 15

Na medida en que o permitiren as leis nacionais e en que as autoridades encargadas dos servizos mencionados no Artigo 14 o estimaren conveniente, tais autoridades deberán fornecer aos encargados dos servizos correspondentes de outros Estados os datos seguintes:

- 1) Información pormenorizada sobre calquer infracción das mencionadas no presente Convénio ou as tentativas de cometé-las.
- 2) Información pormenorizada acerca de calquer axuízamento, detención, condena, negativa de admisión ou expulsión de persoas culpáveis de calquer infracción das mencionadas no presente Convénio, así como dos deslocamentos de tais persoas e calquer outro dado pertinente.

Os datos fornecidos nesta forma haberán de incluír a descrición das persoas infractoras, as súas impresións dixitais, fotografías, antecedentes policiais e antecedentes penais.

ARTIGO 16

As Partes no presente Convénio comprometen-se a adoptar medidas para a prevención da prostitución e para a rehabilitación e adaptación social das vítimas da prostitución e das infraccións a que se refere o presente Convénio, ou a estimular a adopción de tais medidas, polos seus servizos públicos ou privados de carácter educativo, sanitario, social, económico e outros servizos conexos.

ARTIGO 17

As Partes no presente Convénio comprometen-se a adoptar ou manter, en relación con a emigración ou inmigración, as medidas que foren precisas, de acordo con as súas obrigas en virtude do Presente Convénio, para combater o tráfico de persoas dun ou doutro sexo para fins de prostitución.

En especial comprometen-se a:

- 1) Promulgar as disposicións regulamentares necesarias para protexer as persoas inmigrantes ou emigrantes, e en particular as mulleres e crianzas, tanto no lugar de chegada e de partida como durante a viaxe;
- 2) Adoptar as disposicións precisas para organizar unha publicidade adecuada en que se alerte o público do perigo deste tráfico;
- 3) Adoptar as medidas adecuadas para garantir a vixilancia nas estacións de camiño-de-ferro, nos aeroportos, nos portos marítimos, durante as viaxes e noutros lugares públicos, a fin de impedir o tráfico internacional de persoas para fins de prostitución;
- 4) Adoptar as medidas adecuadas para informar as autoridades competentes da chegada de persoas que prima facie parezan ser culpáveis ou cómplices deste tráfico ou vítimas del.

ARTIGO 18

As Partes no presente Convénio comprometen-se, de acordo con as condicións prescritas nas súas propias leis, a tomar declaración às persoas estranxeiras dedicadas à prostitución, con obxecto de establecer a súa identidade e estado civil e de determinar as causas que as obrigaron a saír do seu Estado. Os datos obtidos desta forma serán comunicados às autoridades do Estado de orixe destas persoas, tendo en vista a súa eventual repatriación.

ARTIGO 19

As Partes no presente Convénio comprometen-se, de acordo con as condicións prescritas nas súas propias leis e sen prexuízo de emprender acción xudicial ou outra por violación das súas disposicións, no prazo mais breve posible:

- 1) A tomar as medidas adecuadas para proporcionar axuda e manter as vítimas sen recursos do tráfico internacional de persoas para fins de prostitución durante o tempo que durar o trámite para a súa repatriación;
- 2) A repatriar as persoas a que se refere o Artigo 18 que desexaren ser repatriadas ou que foren reclamadas por persoas con autoridade sobre elas, ou cuxa expulsión for ordenada conforme à lei. A repatriación levará-se a cabo unicamente cando houver acordo previo con o Estado de destino tanto no que à identidade e a nacionalidade das persoas das que se trate di respeito, como así como ao lugar e a data de chegada às súas fronteiras. Cada unha das Partes no presente Convénio facilitará o tránsito destas persoas através do seu territorio.

Cando as persoas as que se refere o parágrafo anterior non puideren custear os gastos da súa repatriación e careceren de cónxuxe, familiares ou tutores que puideren financiá-los, a repatriación até à fronteira, o porto de embarque ou o aeroporto máis próximo en dirección ao Estado de orixe, será financiada polo Estado de residencia e o custo do resto do viaxe será sufragado polo Estado de orixe.

ARTIGO 20

As Partes no presente Convénio deberán tomar as medidas necesarias, se aínda non o tiveren feito, para inspeccionar as axencias de colocación, a fin de impedir que as persoas que buscan traballo, en especial mulleres e crianzas, se expoñan ao perigo da prostitución.

ARTIGO 21

As Partes no presente Convénio comunicarán ao Secretario Xeral das Nacións Unidas as leis e regulamentos que xa foron promulgados nos seus Estados, e, no sucesivo, comunicarán anualmente toda lei ou regulamento que promulgaren a respecto das materias a que se refere o presente Convénio, así como calquer medida adoptada por elas relativa à aplicación do Convénio. As informacións recibidas serán publicadas periodicamente polo Secretario Xeral e enviadas a todos os membros das Nacións Unidas e os Estados non membros aos que se comunique oficialmente o presente Convénio de acordo con o Artigo 23.

ARTIGO 22

Calquer desacordo entre as Partes no presente Convénio relativa à súa interpretación ou aplicación que non puder ser resolvido por outros medios, será submetido ao Tribunal Internacional de Xustiza se así o solicitar algunha das Partes implicadas na controversia.

ARTIGO 23

O presente Convénio estará aberto à asinatura de todos os membros das Nacións Unidas e de todos os Estados a que o Consello Económico e Social dirixir un convite a ese efecto.

O presente Convénio será ratificado e os instrumentos de ratificación serán depositados na Secretaria Xeral das Nacións Unidas.

Os Estados a que se refere o parágrafo primeiro, que non tiveren asinado o Convénio , poderán aderir a el.

A adhesión fará-se mediante o depósito dun instrumento de adhesión na Secretaria Xeral das Nacións Unidas.

A efectos do presente Convénio, o termo “Estado” comprenderá igualmente todas as colónias e territorios sob fideicomiso dun Estado que asine o Convénio ou adira a el, así como todos os outros territorios de cuxas relacións internacionais for responsable ese Estado.

ARTIGO 24

O presente Convénio entrará en vigor noventa días despois da data de depósito do segundo instrumento de ratificación ou adhesión.

En cada estado que ratifique o Convénio, ou adira a el, despois do depósito do segundo instrumento de ratificación ou adhesión, o Convénio entrará en vigor noventa días despois do depósito por ese Estado do seu instrumento de ratificación ou adhesión.

ARTIGO 25

Transcorridos cinco anos despois da súa entrada en vigor, calquer unha das partes no presente Convénio poderá denunciá-lo mediante notificación por escrito dirixida ao Secretário Xeral das Nacións Unidas.

Tal denuncia surtirá efecto, para a parte que a formule, un ano despois da data en que for recibida polo Secretário Xeral das Nacións Unidas.

ARTIGO 26

O Secretário Xeral das Nacións Unidas notificará a todos os membros das Nacións Unidas e os Estados non membros a que se refere o Artigo 23:

a) As asinaturas, ratificacións e adhesións, recibidas en conformidade con o Artigo 23;

b) A data en que o presente Convénio entrará en vigor , en conformidade con o Artigo 24;

c) As denuncias recibidas en conformidade con o Artigo 25.

ARTIGO 27

Cada parte no presente Convénio compromete-se a adoptar, de conformidade coa súa Constitución, as medidas lexislativas ou de outra índole necesarias para garantir o presente Convénio.

ARTIGO 28

As disposicións do presente Convénio derrogaran, nas relacións entre as partes no mesmo, as disposicións dos instrumentos internacionais mencionados nos Incisos 1, 2, 3, e 4 do segundo Parágrafo do Preámbulo, cada un dos cais considerará-se caducado cando todas as Partes no mesmo cheguen a ser Partes no presente Convénio.

PROTOCOLO FINAL

Nada no presente Convénio poderá interpretar-se en prerrogação de calquer lexislación que, para a aplicación das disposicións encamiñadas a obter a supresión do tráfico de persoas e da explotación da prostitución de outra persoa, prevexa condicións máis severas que as estipuladas polo presente Convénio.

As disposicións dos Artigos 23 a 26 do Convénio, ambos inclusive, aplicarán-se a este Protocolo.



Observatório dos Direitos e Liberdades

www.esculca.net